

Baixo o lema “Vamos coidar do Brasil” o cambio climático é o tema a tratar

O CEIDA participa na III Conferência Nacional do Meio Ambiente en Brasília

- O evento, organizado polo Ministerio do Meio Ambiente do Goberno de Brasil, ten lugar dende hoxe e ata o vindeiro sábado, 10 de maio

Oleiros, 7 de maio de 2008.- O CEIDA – Centro de Extensión Universitaria e de Divulgación Ambiental de Galicia – está representado por **Carlos Vales**, Director do centro, na III Conferência Nacional do Meio Ambiente, Vamos cuidar do Brasil, que se está a celebrar dende hoxe e ata o próximo sábado, 10 de maio, en Brasília (Brasil).

Carlos Vales é un dos cen delegados de todo o mundo que participan na III Conferência Nacional do Meio Ambiente, organizada polo Ministerio do Meio Ambiente do Goberno de Brasil, onde o cambio climático é o principal tema a tratar. O obxectivo deste evento é construír un espazo de converxencia social a partir da participación, da mobilización e da educación, co ánimo de subsidiar o establecemento da política nacional do Meio Ambiente.

A III Conferência Nacional do Meio Ambiente está presidida pola Ministra de Estado do Meio Ambiente do Goberno de Brasil, **Marina Silva**, e a súa organización está composta por unha Comisión Organizadora Nacional, formada por 55 membros representantes de distintos gobernos, empresas, sociedade civil e movementos sociais mundiais.

Un saúdo,
Área de comunicación do CEIDA